

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES PARA A REALIZACIÓN DE VARIOS CONCERTOS DE MÚSICA POPULAR EN SANTIAGO DE COMPOSTELA-PROGRAMA “MÚSICA NO CAMIÑO”

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

De unha parte, D^a **María Nava Castro Domínguez**, directora da Axencia Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento polo decreto 34/2013 do 21 de febreiro e conforme as facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para suscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial.

De outra parte, D., con DNI, no nome e representación, como presidente, da FEDERACIÓN GALEGA DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES, (en adiante FGBMP) con CIF V15110893 e domicilio en rúa .

EXPOÑEN

Que a Federación Galega de Bandas de Música (FGBMP) é unha unidade asociativa creada en 1985 para dar resposta ás necesidades comúns das bandas galegas.

En torno a ela concéntranse 91 bandas de música populares federadas. A FGBMP actúa como centro para o desenvolvemento e administración de información, promoción educativa e divulgativa da labor das bandas, así como de organización de cursos, festivais, certames ou intercambios entre bandas de características similares, tanto galegas como estranxeiras.

Entre os seus obxectivos está entre outros o transmitir ás institucións públicas galegas a verdadeira dimensión do movemento asociativo musical como un movemento cunha forte implantación, 91 bandas e arredor de 6.200 músicos ademais de asociados e xestores non músicos e os alumnos e alumnas das Escolas de Música xestionadas polas Bandas de Música.

Trátase así mesmo dun movemento asociativo serio e con capacidade de innovación, xestión e dinamización cidadá, que estrutura un “tecido social” capaz de canalizar proxectos e actuacións en diferentes eidos da vida social e cultural dos nosos concellos, e que contribúe a dotar de contido a nosa “identidade galega”, da que as Bandas de Música forman parte indisoluble e indispensable dende hai máis de 100 anos.

Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Que no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

A FGBMP é a entidade que ten a exclusividade para contratar os grupos para desenvolver as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio.

Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución dos fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción do presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a concesión directa dunha subvención a Federación Galega de Bandas de Música Populares para a realización dun Ciclo de actuacións de bandas de música populares na Praza das Praterías en Santiago de Compostela a celebrar en venres, sábados, domingos e festivos dos meses de xuño, xullo e agosto de 2016.

Estes concertos constituirán un agradecemento aos numerosos peregrinos que veñen a Santiago de Compostela como etapa final do Camiño e con elo contribuir á divulgación e promoción das bandas de música populares galegas. Serán sempre abertos ao público en xeral e sen custe. Os concertos celebraranse antes ou despois da Misa do Peregrino da tarde, preferiblemente ao rematar esta.

Serán 25 actuacións: 24 concertos de bandas de música federadas e o Encontro da Banda Sinfónica da FGBMP, co seu correspondente concerto. Este encontro agrupa a compoñentes das diferentes bandas de música galegas e datarase preferiblemente como clausura de todos os concertos anteriores.

Os concertos realizaranse sempre que sexa posible ao aire libre. E en caso de mal tempo facilitarase a actuación nun espazo cuberto próximo á Catedral. Se algún dos concertos previstos non poidera levarse a cabo por causas alleas á organización, a Federación consensuará con Turismo de Galicia e coa banda implicada unha data alternativa.

En caso de suspensión da actuación o mesmo día do concerto por causas alleas á banda, aboaráselle á formación o mesmo importe establecido como caché de banda.

Para a realización destas actuacións a FGBMP fará convocatoria pública cunhas bases para que as bandas poidan solicitar a súa inscrición. Poderán presentarse as bandas federadas na FGBMP. Unha vez rematado o prazo de inscrición terá lugar un sorteo público para determinar as bandas participantes en cada data.

Cada concerto terá unha duración aproximada de unha hora e a banda participante terá que interpretar polo menos a metade do concerto con obras de autoría ou temática galega.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para a realización das actuacións previstas neste convenio ascende a **86.210,00€** IVE incluído, correspondentes a 24 concertos e o encontro e posterior concerto de Banda Sinfónica da FGBMP, de acorde co seguinte detalle:

CONCERTOS BANDAS DE MÚSICA POPULARES**PREZO POR CONCERTO:**

Concepto	Prezo con IVE
Cachet da banda de música	2.000,00
Producción, organización, seguros e material publicitario	875,00
TOTAL	2.875,00€

TOTAL 24 CONCERTOS: 2.875,00 X 24 = 69.000,00 €

ENCONTRO E CONCERTO DA BANDA SINFÓNICA DA FGBMP (previsión 90-100 músicos)

Concepto	Prezo con IVE
Aloxamento e manutención músicos, dirección e organización	8.800,00
Dirección	1.500,00
IRPF	225,00
Desprazamentos músicos, dirección e organización	2.300,00
Material publicitario e diplomas	385,00
Seguro RC e Accidentes	120,00
Producción: loxística, instrumental, reportaxe gráfica, copias de partituras e material diverso	3.880,00
TOTAL	17.210,00€

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará a contía de **86.210,00 €** euros. A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións será dedicada aos gastos de realización do evento, e só cubrirá o custo de realización da actividade sen que a FGBMP obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.1, proxecto 2015 00005 “Fomento do turismo” dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2016.

Poderanse realizar pagamentos anticipados por un importe máximo do 50% do importe subvencionado, de conformidade co disposto no artigo 63.1 Dous do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia. Así mesmo, poderá realizarse pagamentos a conta. O importe conxunto dos pagos a conta e dos pagos anticipados non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados, segundo se dispón no artigo 62 do citado Decreto.

A FGMBP está exenta da constitución de garantía, por aplicación do artigo 65.4 h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O IVE é gasto subvencionable de conformidade co disposto no artigo 29.8 da lei 7/2009, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sempre que non sexa susceptible de recuperación ou compensación, extremo que se acreditará pola FGMBP.

Terceira.- Compromisos das partes

A Federación Galega de Bandas de Música Populares queda obrigada á celebración das referidas actuacións, e a realizar todas as actividades precisas para que as actuacións do convenio de colaboración se desenvolvan correctamente, comprometéndose a:

- Entregar á Axencia Turismo de Galicia unha memoria das actividades realizadas.
- Executar o orzamento por importe de **86.210,00 €**
- Facer constar a cooperación da Axencia Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.
- Promocionar a “Marca Galicia” nas actuacións obxecto do presente convenio de colaboración. Nos folletos e outras publicacións deberán incluír na contraportada a marca turística, seguindo as indicacións do manual de uso.

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino do investimento.
- Presentar, con anterioridade á sinatura do convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

Cuarta.- Compatibilidade

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

En todo caso, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, aisladamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subveniconada.

Quinta.- Xustificación e pagamento

1º A achega da Axencia Turismo de Galicia de **86.210,00€** será librada previa presentación da xustificación na modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve.

A conta xustificativa deberá conter:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio.
- Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.
- Facturas xustificativas dos gastos efectuados xunto coas transferencias bancarias ou outra documentación acreditativa dos seu pago.

- De ser o caso, os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de Subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario.
- No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

Así mesmo a FGMBP deberá presentar:

- Declaración de “outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (para os mesmos gastos subvencionables), das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades”.
- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendentes débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.
- Declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións para ter a condición de beneficiaria da subvención recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

2º O prazo para xustificar a totalidade da acción que comprende este convenio por parte da FGMBP é o 15 de outubro de 2016.

3º De non xustificarse a cantidade total, a liquidación de obrigas realizarase mediante prorratio segundo os gastos efectivamente realizados de xeito que só se subvencione o custo real da actividade, sempre e cando se acabe o proxecto do presente convenio de colaboración.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a FGMBP, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos realizados a partir do 1 de xaneiro de 2016.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Sexta.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividades acordadas.

Sétima.- Comisión de seguimento

Para o desenvolvemento e bo fin deste convenio de colaboración constituirase unha comisión paritaria que velará polo cumprimento das obrigas das partes e adoptará cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir a boa execución do convenio.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sexta.- Réxime xurídico

O convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lexislación de Contratos das Administracións Públicas, segundo o Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), que os exclúe expresamente no apartado d) do párrafo primeiro do artigo 4.

É de aplicación a este convenio o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento que a desenvolve e en canto non se opoña ao establecido na antedita Lei 9/2007, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e demais normativa que sexa de aplicación.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Axencia Turismo de Galicia, de tal xeito que

non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiariamente polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

As cuestións litixiosas xurdidas na aplicación do presente convenio, e non solventadas na vía administrativa, serán resoltas pola xurisdicción contencioso-administrativa.

Novena.- Publicidade do convenio

Será de aplicación no relativo á publicidade e rexistro do convenio o disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións comunicárase a suscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décima.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 15 de outubro de 2016.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Axencia Turismo de Galicia

A Directora de Turismo de Galicia

María Nava Castro Domínguez

Pola Federación Galega de Bandas de Música
Populares

O Presidente